

4 DE NOVEMBRO

CELEBRACIÓN DO DÍA DA CIENCIA EN GALEGO

Este ano celébrase o Ano Internacional da Química. Conmemórase o premio Nobel de Química concedido a Marie Curie en 1911 polo seus descubrimentos dos novos elementos Radio e Polonio. Marie Courie é a primeira persoa que recibe dous premios nobeis (de Física e Química), e posteriormente só houbo outra persoa. É a primeira muller que recibe un premio Nobel, é a primeira muller que dá clases na Universidade da Sorbona,... sendo que fai os seus descubrimentos estando fóra da Universidade, antes de que sexa nomeada profesora, e tendo dúas fillas (unha deles premio Nobel, tamén),...

Razóns de sobra para homenaxeala neste día Galego da Ciencia Así neste día homenaxéase a Marie Curie e á matemática galega M^a Wonenburger, facendo tamén unha homenaxe ás primeiras mulleres que dan clase, fan ciencia, e cambian para sempre a maneira de ver o papel da muller na ciencia.

ACTIVIDADES NO IES DE MELIDE

EXPOSICIÓN no corredor "Entre moléculas" composta por 22 láminas que introducen ao alumnado no "papel central" da Química e as súas aportacións ao progreso humano. É una réplica (cartelera en A3 a color) da exposición que en paneis organiza en algún puntos de España o Centro Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Dividida en tres apartados, a primeira fase ofrece unha visión xeral da Química e o papel que cumple na ciencia mentras que a segunda repasa as principais aportacións que fixo ao longo da historia para, finalmente, adentrarse nas súas aplicacións en grandes campos como o medio ambiente, a saúde, a enerxía e a alimentación.

EXPOSICIÓN a través de dous monitores de 21 pulgadas da **biografía de Marie Curie e M^a Wonenburger**, homenaxeadas nesta "II edición do Día da Ciencia en Galego".

EXPOSICIÓN no corredor das fotografías seleccionadas no "**Concurso de Fotografía Científica**" para o alumnado do IES de Melide.

CINEFORUM na biblioteca para **1º ESO (9:30 a 11:10)** e para **2º da ESO (11:45 a 13:25)**. O resto do alumnado xa tivo a súa sesión o pasado mércores día dous.

Participación na VIDEOCONFERENCIA "Aplicacións da investigación xenética: o seu uso na práctica policial" (12:15 A 13:25) que ofrece a coordinadora ENDL. No noso IES participarán na mesma o alumnado de **4ºESO e 1ºBAC que cursa a optativa de bioloxía e xeoloxía**. O ponente é o Profesor Angel Carracedo, catedrático de Medicina Legal e director do Instituto de Medicina Legal e do Grupo de Medicina Xenómica da USC, dará a videoconferencia desde a cidade de Natal (Brasíl) onde participa nun congreso internacional.

OBRADOIROS (experimentos científicos) no centro do pobo de Melide para os veciños e veciñas, impartido polo alumnado de **2º de bacharelato que cursan as asignaturas de química e bioloxía (de 11:45 a 14:15)**. 14 alumnos/as en total acompañados de 2 profesores.

O obxectivo é demostrar á poboación de Melide que con poucos medios e sin recurrir a un equipamento de laboratorio excesivo se pode facer ciencia, e ademáis que é posible facelo utilizando o noso idioma, o Galego. Entre outros experimentos mezcláranse distintas sustancias orgánicas (colorante alimentario, almidón, agua, glicerina..) para facer plástico, xerar electricidade movendo imáns-bobinas e aproveitar o recurso natural da auga en caída contra un pequeno muiño fabricado en madeira...

RECORDADE QUE O ALUMNADO DE 2º DE BAC. A e B / 1º DE BAC. B e C ASISTIRÁN de 11:45 a 12:45 AO SEGUINTE ESPECTÁCULO:

Nome da Compañía: A Tropa de Trapo.

Contos con música en directo para adultos e adolescentes. Un espectáculo cheo de esperanza, de humor, de amor, de pequenas loitas posibles e de grandes soños no horizonte. Contos para mellorar o mundo, para entendelo mellor, para traballar por el.